

8

A REVOLUCIÓN RUSA E A ORIXE DO ESTADO SOVIÉTICO

Por que a revolución obreira tivo lugar nun país eminentemente agrícola e atrasado como a Rusia tsarista?

A Revolución soviética de 1917 constituíu un dos acontecementos de maior transcendencia do século XX. O proceso revolucionario levouse a cabo en dúas fases ben diferenciadas. A primeira, en febreiro, supuxo a caída do tsarismo e a instauración dun réxime parlamentario.

A segunda revolución, en outubro, foi unha revolución obreira de carácter socialista. O resultado foi a creación da Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas, a URSS, o primeiro Estado socialista do mundo, cuxa existencia se prolongou ata 1991.

CONTIDOS

- 1 Un xigante con pés de barro
- 2 A revolución de febreiro de 1917
- 3 Por que houbo unha nova revolución en outubro?
- 4 A guerra civil e o comunismo de guerra
- 5 A creación da URSS e a expansión revolucionaria
- 6 De Lenin a Stalin
- 7 Como conseguiron os bolxeviques instaurar o poder dos sóviets?

Boris KUSTODIEV: *O bolxevique*, 1920.

- Como reflicte esta imaxe a idea do socialismo guiando o pobo cara á revolución? Que papel simbólico desempeñan o obreiro, a bandeira, o pobo e os edificios da cidade?
- Fíxate no eixe de 1917 e xustifica por que foi un ano tan importante para a posterior evolución de Rusia.



5 A caída do Imperio tsarista en Rusia

5.1. O IMPERIO DOS TSARES

A comezos do século XX, o Imperio ruso atopábase rexido por un tsar investido dun poder absoluto: gobernaba por decreto, non estaba suxeito a ningunha constitución nin tiña que responder perante un parlamento. Este **réxime autocrático** sostíñase sobre unha fiel burocracia, un poderoso exército e a Igrexa ortodoxa, que tiña un grande influxo sobre a sociedade tradicional rusa.

Unha economía atrasada

A economía do Imperio atopábase entre as máis atrasadas do continente europeo. A **agricultura** era a principal actividade económica e a terra estaba en mans duns poucos **terratenentes**, que pertencían a unha aristocracia privilexiada. A maioría da poboación eran **campesiños** sometidos a un réxime case feudal, que os condenaba a unhas condicións de vida miserables.

A finais do século XIX, nalgúns zonas do Imperio (Moscova, San Petersburgo, Urais...) iniciouse un tímido **proceso de industrialización** baseado na construción do ferrocarril e caracterizado polo predominio da industria pesada e a concentración en grandes empresas. O crecemento industrial propiciou, dunha banda, o xurdimento dun numeroso **proletariado**, que traballaba en grandes fábricas por un salario miserable. Doutra banda, o desenvolvemento da **burguesía** foi escaso debido á elevada presenza de capital estranxeiro, sobre todo francés, nos investimentos industriais.

As forzas políticas

Rusia contaba con diferentes forzas políticas: o **Partido Constitucional Demócrata**, ou kadet, de carácter liberal burgués; o **Partido Socialrevolucionario**, coñecido como eserita, que defendía unha revolución campesiña, e o **Partido Socialdemócrata Ruso**, de orientación marxista e de militancia obreira.

Este último partido escindiuse, en 1912, entre **menxeviques** e **bolxeviques**. Os primeiros, de carácter máis moderado, defendían a necesidade de establecer alianzas cos partidos burgueses para acabar co tsarismo; os segundos, máis radicais e liderados por **Lenin**, sostiñan a necesidade dunha revolución obreira.

5.2. A REVOLUCIÓN DE 1905


En 1905, a derrota rusa nunha guerra con Xapón fixo estalar o descontento da poboación e provocou unha revolta que esixía a fin da autocracia. Ante unha **manifestación pacífica**, o tsar respondeu cunha contundente represión (**Domingo Sanguento**).

Para lle dar maior eficacia ao movemento de protesta, os traballadores crearon uns consellos de obreiros, campesiños e soldados, chamados **soviets**, que haberían de desempeñar un papel decisivo nos acontecementos futuros. Tras varios meses de folgas e manifestacións, o tsar comprometeuse a convocar **eleccións por sufraxio universal** ao Parlamento (Duma) e a propiciar unha **reforma agraria**. No entanto, as promesas non se cumpriron e en poucos anos o tsar clausurou a Duma e gobernou de novo autocraticamente.



Coroación do tsar Nicolás II no Kremlin de Moscú, en 1894, segundo unha pintura da época.

A POBOACIÓN DO IMPERIO RUSO



1. Xustifica por que dicimos que a poboación rusa era eminentemente rural e pobre.

A REVOLUCIÓN DE 1905

Nós, obreiros de San Petesburgo, vimos a ti para implorar xustiza e protección. Estamos na miseria, oprimidos e tratados coma escravos que teñen que aturar o seu amargor e calar. (...)

Pedimos diminuír a oito horas o horario laboral e convir un salario digno. (...) Tamén pedimos que ordenes convocar os representantes de todas as clases e do pobo ruso. E fai que as eleccións á Asemblea Constituínte se fagan segundo o sufraxio universal, secreto e directo.

Peticións dos obreiros ao tsar, 1905.

- Quen son os autores do texto? A quen se dirixen? Por que motivos?

5.3. A REVOLUCIÓN BURGUESA DE FEBREIRO DE 1917

A participación de Rusia na Gran Guerra fixo aumentar o descontento da poboación e creou as condicións para un estalido revolucionario. Dunha banda, os **desastres militares** na fronte sucedéronse e o número de baixas entre os soldados rusos foi moi elevado. Doutra banda, o avituallamento do exército deixou as cidades desabastecidas e a **fame** estendeuse entre a poboación.

Por todo o Imperio sucedéronse protestas que esixían a **retirada da guerra**, a provisión de alimentos e a **fin do tsarismo**. O 23 de febreiro de 1917 produciuse unha gran manifestación en Petrogrado (nome eslavo que adoptara San Petersburgo en 1914), seguida dunha folga xeral e de rebelións nos cuarteis. O tsar abdicou e proclamouse unha república dirixida por un **gobierno provisional**, que se comprometeu a convocar eleccións libres para converter Rusia nunha democracia parlamentaria.


5.4. O GOBERNO PROVISIONAL

O novo goberno iniciou, ademais, unha serie de reformas políticas e sociais. Pero ao mesmo tempo decidiu manter os compromisos cos seus aliados na guerra.

A continuidade no conflito dificultou a mellora das condicións de vida da poboación, mentres a esperada reforma agraria avanzaba moi lentamente. O **descontento popular** aumentou, e os soviets, que demandaban a retirada da guerra, empezaron a esixir a destitución do goberno. A unidade de forzas que derrocaran o tsar comezou a romper, e xerouse unha dualidade de poderes que enfrontaba o goberno provisional e os soviets.

Esta situación fixo aumentar a **influencia dos bolxeviques**, que foron gañando o apoio da maioría dos soviets. O seu líder, Lenin, que se atopaba no exilio, regresou a Rusia e propugnou as chamadas **Teses de Abril**, onde marcaba a ruta a seguir: derrocar o goberno provisional e instaurar un goberno de soviets obreiros e campesiños, asinar a paz con Alemaña, repartir as terras entre os campesiños, cederlles a dirección das fábricas aos obreiros, nacionalizar a banca e o recoñecer as nacionalidades do Imperio.

A ECONOMÍA RUSA DURANTE O GRAN GUERRA



2. Cres que influíu a situación económica da guerra mundial na caída do tsarismo? Razoa a resposta.



Isaac BRODSKY: Lenin arengando os traballadores da fábrica Putilov, en Petrogrado, 1929.

@ Para saberes máis sobre a figura de Vladimir Ilich Uliánov, Lenin: www.tiching.com/63291

PROGRAMAS POLÍTICOS

GOBERNO PROVISIONAL

- Permanencia de Rusia na guerra.
- Consolidación das institucións democráticas. Asemblea Constituínte.
- Loita contra a crise económica e a desorganización do exército.
- Repartición da terra entre os campesiños segundo decida a Asemblea Constituínte.
- Represión das ocupacións de terras e das revoltas revolucionarias.

BOLXEVIQUES

- Retirada da guerra e sinatura da paz con Alemaña.
- Ningún apoio ao goberno provisional. Traspaso do poder aos soviets. Goberno obreiro.
- Confiscación das terras dos grandes propietarios e repartición entre os campesiños.
- Control das industrias polos soviets obreiros. Colectivización da propiedade.

SINTETIZA

3. Que características presentaba a Rusia tsarista?
4. Por que estalou unha revolución en 1905?
5. Cando e como se levou a cabo a caída do tsarismo? Que réxime o substituíu?
6. Que diferentes obxectivos tiñan o goberno provisional e os bolxeviques? Por que se fala de dualidade de poderes?

6.1. A REVOLUCIÓN OBREIRA DE OUTUBRO DE 1917

Os bolxeviques, co apoio dos soviets, que crearan as súas propias milicias armadas, a **Garda Roxa**, prepararon unha insurrección para o día 25 de outubro de 1917. Os sublevados ocuparon a cidade de Petrogrado, tomaron o Palacio de Inverno e destituíron o goberno provisional. A revolución estendeuse rapidamente por Moscova e os núcleos industriais do país.

O II Congreso dos Soviets de Rusia, que se atopaba reunido en Petrogrado, proclamou un **goberno obreiro**, que foi presidido por Lenin e no que figuraban Trotsky e Stalin. O novo goberno levou a cabo as primeiras **medidas revolucionarias**: expropiáronse as terras para repartilas entre os campesiños, e as fábricas quedaron baixo o control de comités obreiros. Ademais, asinou o Tratado de Brest-Litovsk (1918) con Alemaña, polo que Rusia tivo que aceptar importantes perdas territoriais.

En novembro de 1917 tiveron lugar eleccións para a **Asemblea Constituínte** que foran convocadas polo goberno provisional. Os bolxeviques soamente obtiveron o 25% dos escanos, aínda que a súa forza era maioritaria nas cidades e zonas industriais. Ante o temor de que os grupos contrarios á revolución se impuxesen na Duma, Lenin dissolveu a Asemblea e púxolle fin ao pluralismo político na nova Rusia soviética.



A toma do Palacio de Inverno (residencia dos tsares) polos bolxeviques en outubro de 1917.

@ Para ampliarse na Rede...

Visualiza en www.tiching.com/63293 o vídeo sobre a Revolución rusa de 1917:

- Que sucedeu en Rusia durante o goberno provisional? Que papel desempeñaron os bolxeviques?

6.2. A GUERRA CIVIL (1918-1921)

A comezos de 1918, os partidarios da volta do tsarismo (terratentes, oficiais do Exército, grupos privilexiados) ou do mantemento dun sistema político liberal (burguesía) levantáronse en armas contra o goberno dos soviets. O chamado **Exército Branco** contou coa axuda das tropas francesas, británicas, xaponesas e norteamericanas e enfrontouse ao **Exército Roxo**, organizado polos bolxeviques baixo a dirección de Trotsky.

Os tres anos de guerra civil foron dunha gran crueldade para a poboación, tanto pola **escaseza de alimentos** como polos mortos en combate e as **represalias políticas** de ambos os dous bandos. No verán de 1918, o tsar e a súa familia foron executados polos bolxeviques, mentres os contrarrevolucionarios intentaron un golpe de Estado e atentaron de xeito frustrado contra a vida de Lenin. Finalmente, en 1921 o Exército Roxo logrou impoñerse militarmente, dando por finalizada a contenda civil.

O conflito contribuíra en gran medida ao endurecemento do réxime soviético. No ámbito político, o partido bolxevique, que desde 1918 tomara o nome de **Partido Comunista**, fíxose co monopolio do poder, reprimiu a todos os que se lle opoñían (tsaristas, liberais, menxeviques, anarquistas, etc.) e organizou unha policía política (Tcheka) para perseguir as actividades contrarrevolucionarias. No ámbito económico, para abastecer a fronte e as cidades, instaurou o **comunismo de guerra**, polo que se nacionalizou toda a industria, se colectivizaron as terras e se lles obrigou aos campesiños a entregarlles as súas colleitas ao Estado.

OS TERRITORIOS PERDIDOS POR RUSIA



1. Que territorios perdeu Rusia en 1918? Por que?

SABÍAS QUE...

Os bolxeviques pensaban que para o triunfo da revolución en Rusia era necesaria a expansión da revolución por Europa. En 1919 fundaron en Moscova a **III Internacional** ou Internacional Comunista (Komintern) á que convidaron a afiliarse a todos os obreiros de Europa e instaron a que exercesen presión sobre os seus gobernos para que cesasen na súa intervención contra a Rusia soviética.

6.3. A FORMACIÓN DA URSS

En 1922, o Congreso dos Soviets ratificou a creación dun Estado federal, a **Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas**. A URSS agrupaba as diferentes repúblicas soviéticas que representaban as nacionalidades do vello imperio dos tsares (armenios, ucráinos, xeorxianos, usbekos...).

O novo Estado dotouse, en 1924, dun texto constitucional que estruturaba os diferentes órganos de poder a través de tres institucións:

- O **Soviet Supremo**, que exercía a suprema autoridade do Estado (poder lexislativo) e constaba de dúas cámaras, o Soviet da Unión e o Soviet das Nacionalidades. Era elixido por sufraxio universal indirecto entre as candidaturas do PCUS, única forza que se podía presentar ás eleccións dado que os demais partidos foron prohibidos.
- O **Presidium**, escollido polo anterior e cuxo presidente era o xefe do Estado da URSS.
- O **Consello de Comisarios do Pobo**, que equivalía ao goberno e aos seus ministros.

A Constitución de 1924, igual que a de 1936, outorgáballe o monopolio do poder ao **Partido Comunista da Unión Soviética** (PCUS), que tiña unha estrutura moi xerarquizada e cuxo principal órgano era o **Comité Central**, dirixido por un Secretario Xeral.

Coa implantación deste sistema político, a URSS rompeu definitivamente coa democracia liberal e instituíu a denominada **ditadura do proletariado***, un sistema totalitario en que Estado e Partido se identificaban completamente.

AS REPÚBLICAS SOVIÉTICAS A PARTIR DE 1922



2. Que tipo de Estado era a URSS? Fai unha relación das repúblicas que o formaban e das súas capitais. Cales eran de relixión maioritariamente musulmá?
-


A CONSTITUCIÓN SOVIÉTICA

Art. 2. A base política da URSS son os Soviets de deputados dos traballadores, desenvolvidos como consecuencia do derrocamento do poder das terratenentes e capitalistas e da conquista da ditadura do proletariado. (...)

Art. 4. A base económica da URSS son o sistema socialista de economía e a propiedade socialista dos medios de produción, afirmados como resultado da supresión do sistema capitalista e da propiedade privada e da anulación da explotación do home polo home. (...)

Constitución da Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas, 1936.

- Cales eran as bases constitucionais da URSS? Como definen o seu sistema económico?



SINTETIZA

3. A quen enfrontou a guerra civil rusa? Cal foi o seu desenlace? En que consistiu o comunismo de guerra?
4. Como se organizou o novo Estado soviético? Cales eran as súas principais institucións?
5. Que relación había entre o Estado soviético e o PCUS? Porque se trataba dun Estado totalitario?
-

7 A URSS de Stalin

7.1. A PUGNA POLO PODER

A **morte de Lenin**, en 1924, constituíu un fito decisivo para o futuro da revolución soviética. Dunha banda, a súa sucesión implicou un enfrontamento polo poder dentro do Partido Comunista. Doutra, suscitou un gran debate sobre a conveniencia ou non de proceder á colectivización de toda a economía, tras un período, coñecido como Nova Política Económica (NEP, 1921-1928), en que se permitira a iniciativa privada para fomentar o crecemento e saír da crise en que se atopaba o país despois da guerra civil.

Diferentes propostas enfrontaron aos dirixentes do partido, en especial a **Trotsky** e **Stalin**. O primeiro mantiña a necesidade de **exportar a revolución** cara a outros países. O segundo propoñía o **socialismo nun só país**, mediante a transformación da URSS nunha gran potencia, berce de futuras revolucións.

Stalin, que se convertera no **Secretario Xeral do PCUS** desde 1922, fíxose dono da situación, e a finais de 1927 impúxose sobre os seus rivais, converténdose no principal dirixente da URSS. Trotsky tivo que exiliarse e, en 1940, foi asasinado en México por orde do novo dirixente soviético.

7.2. A DITADURA STALINISTA

Stalin exerceu o poder na URSS mediante unha **ditadura persoal** (stalinismo) afastada dos principios que inspiraran a revolución bolxevique. O Partido Comunista consolidouse como eixe vertebrador e dirixente de todos os órganos do Estado e quedou completamente sometido á vontade de Stalin. A **pertenza ao partido** converteuse en imprescindible para ocupar calquera cargo de responsabilidade e a ideoloxía comunista impúxose a toda a sociedade. O liderado de Stalin reforzouse mediante o **culto á súa personalidade***, enalzada en todas as súas actuacións e nos medios de propaganda do réxime.

Para consolidar o seu poder persoal, Stalin sementou o terror en todo o país e exerceu unha **dura represión**, que afectou tanto ao conxunto da sociedade como aos membros do Partido Comunista. En 1929 instituíuse o **Gulag***, unha rede de campos de prisioneiros onde se recluía aos opositores ao réxime e se lles obrigaba a realizar traballos forzados.

A maior persecución tivo lugar durante os **procesos de Moscova** (1936-1938), mediante os cales se depurou a maioría dos antigos dirixentes bolxeviques que lle podían disputar o liderado a Stalin, a disidentes políticos e a parte da oficialidade do Exército. Moitos deles foron executados, encarcerados ou deportados a campos de traballos forzados.

2. A que sectores da sociedade rusa afectou a represión exercida pola ditadura stalinista?

3. Cando se produciu unha maior persecución? Por que?



Caricatura británica da época que satiriza sobre a disputa pola sucesión de Lenin na URSS.

1. Que situación denuncia a caricatura? A que personaxes podes identificar?

O CULTO A STALIN


O noso amor, a nosa fidelidade, a nosa forza, o noso corazón, o noso heroísmo e a nosa vida pertencenche; tómaos, grande Stalin! (...)

Os seres humanos de todas as épocas e de todas as nacións dirán que o teu nome é o máis glorioso, o máis forte, o máis sabio, o mellor de todos. O teu nome está escrito en cada fábrica, en cada máquina, en cada anaco de terra, en cada corazón humano. Se a miña muller dá a luz a un neno, a primeira palabra que lle ensinarei será o teu nome, Stalin.

A Gaceta Vermella de Leningrado, 1935.

• En que consiste o culto á personalidade? Como se reflicte no texto?

REPRESIÓN POLÍTICA



7.3. O SOCIALISMO NUN SÓ PAÍS

Stalin defendía que o futuro da revolución mundial dependía da consolidación do socialismo na URSS. Para iso, era necesario transformar o país nunha gran potencia industrial, e con este obxectivo instituíuse un modelo económico sustentado sobre tres grandes piares:

- Una **economía planificada e dirixida polo Estado**, que elaboraba plans quinquenais para organizar a produción agrícola e industrial. Un organismo oficial, o Gosplán, sinalaba os obxectivos que había que acadar e avaliaba os resultados.
- A **colectivización da economía** e a prohibición da propiedade privada. Deste xeito, as terras, as fábricas, os bancos e os transportes convertéronse en propiedade estatal e a distribución da produción ficaba en mans do Estado.

En 1929 iniciouse un programa de colectivización forzosa da agricultura que xerou grandes tensións no campo. As propiedades colectivas organizáronse en dous tipos de explotacións: o **koljós**, que funcionaba como unha cooperativa xestionada polos campesiños, e o **sovjós**, que constituía unha granxa propiedade do Estado.

- Un modelo de desenvolvemento industrial baseado na **industria pesada**, na **produción de enerxía** e na **construción de infraestruturas**. A imposición deste sistema implicou a subordinación da agricultura, que sufriu un atraso considerable. Ademais, a prioridade da industria pesada descoidou a produción de bens de consumo e boa parte das necesidades da poboación quedaron desatendidas.

O resultado desta planificación foi unha rápida industrialización e un considerable crecemento económico en poucos anos. A finais da década de 1930, a URSS convertérase nunha das grandes potencias industriais do mundo.


A PLANIFICACIÓN SOVIÉTICA

A tarefa esencial do Plan Quinquenal é (...) transformar a URSS dun país agrícola e débil, que depende dos capitalistas, nun país industrial e potente, perfectamente independente dos caprichos do capitalismo mundial. (...) O obxectivo esencial é a industria pesada, porque só ela pode reconstruír e enderezar ao conxunto da industria, os transportes e a agricultura.

Discurso de Stalin, 1933.

- Por que a planificación soviética lle deu prioridade á industria pesada?

Cartel que estimulaba a participación da muller na economía da URSS, 1937.



Cartel que amosa a Stalin marchando cos mineiros, durante o Primeiro Plan Quinquenal.

@ Para ampliáres na Rede...

- Consulta en www.tiching.com/63295 as imaxes da propaganda stalinista e analiza que recursos visuais se utilizaban para enxalzar o líder soviético.

DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO DA URSS¹

	1913	1932	1940
Agricultura e gandaría			
Cereais (quintais)	687	698	779
Bovino (cabezas)	31,9	40,7	54,8
Ovino (cabezas)	41,4	52	107
Industria			
Carbón (toneladas)	35,9	64,9	165,9
Petróleo (toneladas)	9,2	21,4	31,1
Electricidade (kwh)	—	13,5	48,3
Comercio exterior			
Exportacións (rublos)	1520	451	240

¹ Datos en millóns.

4. Como se reflicte na táboa o resultado da planificación económica?

SINTETIZA

5. Como conseguiu Stalin impoñer a súa ditadura persoal? De que medios se valeu?

6. Que pretendía Stalin coa instauración do socialismo nun só país? A que outra idea se opoñía?

7. Cales eran os obxectivos económicos do stalinismo? Que medidas se implantaron para conseguilos? Explica que era un plan quinquenal.

8. Que dous modelos de colectivización agrícola se impuxeron?